

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/25	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de agosto de 2023
Duración	Dende as 13:18 ata as 13:40 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	NON
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 713/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. legalización de ALMACÉN AGROGANADERO Y GARAJE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia. (En adiante PBA)
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Por **Pablo Datorre Otero**, con DNIXXXXX, presentouse escrito o día 04/05/2022 (2022-E-RC-1701), polo que se solicita a **legalización de ALMACÉN AGROGANADERO Y GARAJE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA**, en Andamollo, parroquia de Manduas, Concello de Silleda, que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. 36052C506004890000TQ).

Aportase xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- *“Expediente de legalización: almacén agro gandeiro e garaxe de maquinaria agrícola”* asinado polo exenheiro agrónomo Don José Luis Lamas Corral, colexiado número 1.806, visado polo colexio oficial correspondente en data 04/05/2022 co número 14559 (Expediente 202100115).

2º.- Consta informe da arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Verónica Chaves González, de data 19/12/2022, no que informa sobre a necesidade de resolver unha serie de eivas atopadas na documentación presentada.

3º.- Realízase requirimento ó interesado o 21/12/2022.

4º.- Con rexistro de entrada número 2023-E-RC-616 do 08 de febreiro de 2023 preséntase nova documentación por parte dos interesados, co fin de emendar as deficiencias requiridas. Acompañan:

- a. Nota simple rexistro propiedade da parcela.
- b. Autorización medio rural.
- c. Documentación complementaria en calidade de anexo a proxecto técnico presentado inicialmente con denominación *“Documentación complementaria. Expediente legalización. Almacén agrogandeiro e garaxe de maquinaria agrícola”* redactado e asinado polo enxeñeiro agrónomo Don David Cerdeira Canicoba (Colexiado COIAG G862). Documento visado polo colexio oficial correspondente en data 06 de febreiro de 2023, con número visado 14559-1, expediente E202100115.

5º.-Consta no expediente **informe favorable** á legalización de ALMACÉN AGROGANADERO Y GARAJE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA asinado pola arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Verónica Chaves González, de data 17/03/2022.

O informe favorable da arquitecta recolle o seguinte:

“EXPEDIENTE: 713/2022

ASUNTO: Informe técnico no expediente de licenza para legalización dun almacén agro gandeiro e garaxe de maquinaria agrícola

SITUACIÓN: Andamollo s/n, parroquia de Manduas, concello de Silleda, (Referencia catastral 36052C506004890000TQ)

SOLICITANTE: Pablo Datorre Otero

TÉCNICO: David Cerdeira Canicoba (Enxeñeiro agrónomo colexiado COIAG G862).

Informe que se emite en continuidade de tramitación do presente expediente:

1. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobadas definitivamente en data 04 de xuño de 1981. (En adiante PXOM).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, con aprobación definitiva mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 23 de decembro de 2022, pendente de entrada en vigor.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (En adiante RLSG).
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia. (En adiante PBA)
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. (En adiante LECEGA).

2. ANTECEDENTES:

1. Remítese aos do expediente administrativo.
2. O 19.12.2022 emítese informe técnico requirindo aos interesados a emenda de aspectos relacionados coa solicitude de licenza de obra, notificándose aos interesados.

3. Con rexistro de entrada número 616 do 08.02.2023 e posteriormente con 2023-E-RC-616 do 08.02.2023 preséntase nova documentación por parte dos interesados, co fin de emendar as deficiencias requiridas. Acompañan:

a. Nota simple rexistro propiedade da parcela.

b. Autorización medio rural.

c. Documentación complementaria en calidade de anexo a proxecto técnico presentado inicialmente con denominación “Documentación complementaria. Expediente legalización. Almacén agrogandeiro e garaxe de maquinaria agrícola” redactado e asinado polo mesmo técnico redactor inicial, o enxeñeiro agrónomo D. David Cerdeira Canicoba (Colexiado COIAG G862). Documento visado polo colexio oficial correspondente en data 06.02.2023, con número visado 14559-1, expediente E202100115.

3. INFORME:

3.1. Aspectos requiridos a emendar:

Analízase a continuación a presentación da documentación requirida:

1. Xustificación do cumprimento de tódalas determinacións esixibles reguladas nos art. 39 LSG e art. 59, 60 e 61 do RLSG. Normas de aplicación directa art. 91 LSG e 216 RLSG.

Xustificación pormenorizada dos artigos 39 LSG e art. 59, 60 e 61 do RLSG, así como normas de aplicación directa en integración de materiais e acabados.

Art. 39º LSG- Art. 59º, 60º, 61º e 62º do RLSG	Proxecto
a) Garantir acceso rodado de uso público, abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes.	Xustificase en proxecto: Presenza de acceso rodado de uso público. Abastecemento de augas: non conta con rede de abastecemento en subministro para servizo da actividade. Actividade de almacén. Evacuación augas residuais. Non existe, non presenza de rede saneamento. Augas de choiva recollidas na propia parcela. Subministro eléctrico: conexión con rede xeral existente.
b) Medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio. Menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe.	Xustifica en proxecto. Solución construtiva e volume axustado ao uso proxectado.
c) <u>Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e</u>	Acompaña copia da inscrición no Rexistro da Propiedade da parcela. Posteriormente

<p><u>ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica</u></p>	<p>deberá incluírse a vinculación desta construción.</p>
<p>- <u>Condicións da edificación:</u> 1. Características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións da contorna. 2. Volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes. 3. Peches de fábrica non poderán exceder 1,50m altura, debendo adaptarse ao medio. 4. Altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo.</p>	<p>- Cuberta a un auga, remate en pranchas de panel sándwich cor tella, cerramentos en bloque, acabado cor branca. - Volume axustado tipoloxía. - Peche existente de postes de arame. - Altura máxima nave cumieira 3,84m <7,00m</p>
<p>- <u>Condicións de posición e implantación:</u> - Idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. - Superficie mínima da parcela de 2.000m². - Superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20% da superficie do predio. Explotacións gandeiras poderán ocupar ate o 60% da superficie da parcela. - Edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo. Recuamentos das construcións aos lindes da parcela superiores a 5 metros. - Condicións de abancalamiento obrigatorio para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos. - Estado natural dos terreos en, polo menos, a metade da superficie da parcela. Explotacións gandeiras: - As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou</p>	<p>- Xustificación non necesaria por encadrarse en uso art. 35.1.g) LSG e art. 50.1.g) RLSG. - Cumpre. Superficie parcela 7.531m²> 2.000m². - Cumpre. Superficie construída 180,00m². Porcentaxe 2,39% < 20%. - Emprazamento dentro da parcela. Non se aclara os movementos de terra realizados e rasantes do terreo. Recuamentos da construción a lindes en punto máis desfavorable 5,30m. Cumpre. - Non presenza de bancais.</p>

<p>urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.</p>	<p>- Cumpre. - Non é o caso.</p>
--	--------------------------------------

2. Necesaria representación gráfica completa en plano de emprazamento acoutando as distancias de separación e retranqueo a lindes e viais aos que da fronte. Respecto do servizo público, deberanse indicar a posición (acoutado sobre plano de implantación), as dimensións e características das instalacións e os puntos e obras de acometida acompañando a documentación e reportaxe fotográfica necesaria (subministro eléctrico). Deberá aclararse a incongruencia detectada respecto da dotación de subministro eléctrico na memoria urbanística de non necesidade. Plano de iluminación e forza. Xustificación necesidade deste servizo en relación co aproveitamento que se realiza.

Incorpora plano de emprazamento acoutando distancias de separación en retranqueo. Servizo de instalación de electricidade, con conexión a rede pública en acceso. Indican a necesidade de abastecemento deste servizo para realizar pequenas reparacións habituais na maquinaria agrícola presente e iluminación das estancias.

3. O uso da construción a legalizar defínese para "Almacenamento de produtos agrícolas e gandeiros e garaxe de maquinaria agrícola". É necesario a definición máis completa/detallada do tipo de maquinaria e produtos a albergar. Deberá definirse a xustificación da división realizada interior e o uso/aproveitamento de cada estancia. Reportaxe fotográfica necesaria.

Acompaña reportaxe fotográfica, tanto do exterior como do interior da parcela, percibíndose a garda de equipamento, útiles, pequena maquinaria, maquinaria agrícola, tractores, etc. Que denostan o uso que se pretende. Respecto a división interior indican, que se realizou para o aloxamento provisional (non se especifica a duración da temporalidade) de dous cabalos e dos seus alimentos. Cabalos propiedade dos promotores, que se sitúan nesta finca e noutras propiedades. Uso permitido en solo rústico de conformidade cos artigos 35.1.h) LSG e 50.1.h) RLSG. Actividade non suxeita a incidencia ambiental, de conformidade co anexo I da Lei 9/2013, do 19 decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, (9.5 Cubiles e centros ecuestres con máis de 20 prazas). Respecto desta futura garda de animais, en explotación equina, resulta necesaria a presentación dunha declaración responsable ante a autoridade competente en materia de medio rural, nos termos do art. 5 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zosanitaria dos animais equinos en Galicia.

4. Aclaración rasantes terreo, e movementos de terra realizados, para a implantación da construción na parcela. Na ortofoto ofrecida polo PBA do voo PNOA 2020, obsérvase a

existencia dunha superficie pavimentada a modo de soleira, en comunicación e acceso ate esta construción, que non se inclúe no presente proxecto; a cal debe incorporarse na legalización do presente proxecto. Incursión de peche de parcela, no seu caso.

Xustifican a non existencia de desniveis no interior da parcela. Mantemento rasantes existentes. A superficie en comunicación e acceso ata esta construción realízase mediante a disposición de gravas de distintos espesores. Non de espazo pavimentado.

5. Inscripción no Rexistro da Propiedade nos termos do art. 39.e) LSG: Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

Acompañan copia da nota simple no Rexistro da Propiedade. Finca número 24.695 do concello de Silleda, inscrita no Tomo 1.010, Libro 277, Folio 153 en inscrición 6ª. CRU 36005000358293. Deberá condicionarse a presente licenza ao cumprimento das determinacións esixidas no art. 39.e) da LSG.

6. Copia das autorizacións/informes sectoriais legalmente esixibles: A parcela está incluída na zona da afección da servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, conforme o RD 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago (BOE núm. 216, do 8 de setembro de 2017). Polo que, en virtude do art. 30 do Decreto 584/1972 do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril, é necesario previo acordo favorable por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) respecto das actuacións proxectadas. A parcela atópase dentro da zona de Concentración parcelaria de Manduas - Chapa aprobada por Decreto 27/06/1973 (DOG 27/06/1973). Polo que resultará necesario previa autorización por parte do órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira, respecto da construción, nos termos dos art. 36.2 e 144.4 da LSG e art. 51.2 e 356.4 RLSG (Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia).

Acompañan informe Favorable por parte do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia de data 04.02.2020, para a construción dun almacén agrogandeiro e garaxe de maquinaria agrícola, na parcela 489 do polígono 6. E autorización sobre a mesma parcela para a construción dun "Peche de bloque e maia" outorgada en data 29.11.2.17.

Respecto de necesaria autorización de AESA, acompañan autorización por parte de este organismo en data 07.04.2020 para a construción dun almacén agrogandeiro e garaxe de maquinaria agrícola, e de grúa móbil.

Estas autorizacións constan no expediente número 2010/2019, incoado polo mesmo interesado en data 18 de novembro de 2019, para "Construción de almacén agrogandeiro e garaxe" no lugar de Andamollo, parroquia de Manduase, e tras requirimento en data 26/04/2021 (RS nº 2021-S-RC436), e non emenda e continuidade na tramitación en presentación de documentación requirida, entendeuse por desistida esta solicitude, e arquivouse o expediente, por acordo da Alcaldía de data

29.10.2021. A normativa de aplicación, e as dimensións e aproveitamento desta construción non mudaron, polo que resultan válidas as autorizacións sectoriais outorgadas incluídas neste expediente administrativo municipal.

CONCLUSIÓN:

Á vista da documentación presentada xunto coa análise realizado no informe técnico do 19.12.2022, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a legalización dun almacén agro gandeiro e garaxe de maquinaria agrícola existente, sito no Andamollo s/n, parroquia de Manduas, concello de Silleda, (Referencia catastral 36052C506004890000TQ), de acordo ao Proxecto e documentación complementaria en anexo presentada, asinado polo enxeñeiro agrónomo D. David Cerdeira Canicoba (Enxeñeiro agrónomo colexiado COIAG G862); sempre que se observen as seguintes condicións:

1. Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística municipal outorgado (Art. 39.e) LSG). Deberá acompañarse esta anotación a realizar sobre a Finca número 24.695 do concello de Silleda, inscrita no Tomo 1.010, Libro 277, Folio 153. CRU 36005000358293.
2. Respecto da división realizada para albergue futuro, con carácter temporal, de dous cabalos, resultará necesaria a presentación e achega de declaración responsable ante a autoridade competente en materia de medio rural, nos termos esixidos do art. 5 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zosanitaria dos animais equinos en Galicia, axustándose as determinacións esixidas de aplicación.

O que se informa aos efectos oportunos.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

A arquitecta técnica
Verónica Chaves González”

6º.- Consta informe favorable da Secretaria Municipal de 17 de agosto de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se

axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

O Artigo 142 recolle as Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) **Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.**

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

SEGUNDO.-NECESIDADE DE SOMETEMENTO A LICENZA DE A ACTUACIÓN REALIZADA.

As obras descritas carecen de licenza municipal, sendo a mesma necesaria para executalas ao atoparse comprendidas entre as citadas tanto no artigo 142.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do chan de Galicia, así como no 351 de o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

TERCEIRO.- COMPETENCIA.

De acordo co artigo 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competente para resolver o presente procedemento o Alcalde, pero éste ten as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local dende o Decreto 2023-0524 con data 27 de xuño de 2023.

CUARTO.-ESTUDO DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO INTERESADO.

As obras suxeitas a licenza urbanística, son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2 da LOE regula o seu ámbito de aplicación, entendendo que dentro de mesmo atópase o "industrial".

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras: a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e desenvólvanse nunha soa planta.

QUINTO.- PROCEDEMENTO A SEGUIR.

O procedemento para o outorgamento das licenzas atópase regulado no artigo 143 da LSGA.

As solicitudes de licenzas deberán de ir acompañadas de proxecto técnico completo redactado por técnico competente, excepto que se trate, de obras menores, non sendo este o caso.

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda. En ningún caso entenderanse concedidas por silencio administrativo en contra da ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para o outorgamento das licencias correspóndelle por delegación da Alcaldía á Xunta de Goberno Local.

3. Para o outorgamento da licenza serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

4. As solicitudes das licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberán de acompañarse do proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente. Unha vez que se presenta no Concello o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

5. As peticións das licenzas resolveranse nun prazo de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

6º. Deberase cumprir o artigo 66.6 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes estes serán de uso obrigatorio polos interesados, deste xeito cando se revise unha solicitude de licenza urbanística por parte do Concello deberá revisarse o cumprimento do artigo 66 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, e 353 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, antes de entrar a revisar e informar sobre o fondo do asunto, debendo requirirse ao interesado a emenda dos defectos observados coa advertencia de entendela desistido de non cumprimentarse os requirimentos nos prazos concedidos previa resolución expresa.

Debemos ter en conta que segundo establece a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente.

Con todo, poden darse situacións nas que se leven a cabo ese tipo de actuacións sen contar coa correspondente licencia infrinxindo, polo tanto, a legalidade. Neses casos entra en xogo a posibilidade de levar a cabo unha legalización das actividades.

De conformidade co disposto no artigo 153 da citada Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, se estivesen acabadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar dende o remate total das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior. Tomarase como data de remate das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

A iso engade o artigo 377 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia que se considera que son obras totalmente rematadas aquelas que se atopen dispostas para servir ao fin ao que estivesen destinadas e en condicións de ser ocupadas sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo, cando así o recoñeza a Administración actuante.

Este Regulamento completa e pecha a regulación en materia de urbanismo na Comunidade

Autónoma de Galicia, supoñendo, tal e como sinala a súa exposición de motivos, por primeira vez unha normación íntegra de todos os aspectos relacionados co réxime xurídico do solo, o planeamento, a xestión e a disciplina urbanística.

Iso implica que o Regulamento pasa a incorporar integramente todas aquelas cuestións que ata a súa publicación se aplicaban nesta Comunidade Autónoma e que estaban contidas nos regulamentos de planeamento e xestión urbanística estatais, os cales quedaron relegados a un papel practicamente testemuñal como dereito supletorio para o improbable caso de que a regulación galega presente algunha carencia normativa.

Polo que se refire ao procedemento a seguir en relación coas obras rematadas que poden ser obxecto de legalización, debemos tomar en conta que, de conformidade co Decreto 143/2016, do 22 de setembro, o procedemento iniciase mediante unha providencia da alcaldía que debe ser notificada aos interesados a fin de que poidan expor, fronte a dita incoación, as alegacións que consideren de interese. Neste caso foi o propio interesado o que presentou a documentación coa finalidade de legalizar a obra realizada.

Posteriormente, tramitado o expediente e previa audiencia aos interesados; de conformidade co art. 152.3 b) da Lei 2/2016, ao que remite o art. 153.1 da mesma norma:

"se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase o derrubamento das obras á conta do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que desen lugar".

SEXTO.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

O deber de solicitar e obter licenza non exclúe a obriga de obter cantas autorizacións sexan legalmente esixibles polos distintos organismos da Administración, non podendo o Concello outorgar a licenza sen a previa autorización se fose o caso. O informe da arquitecta técnica municipal indica que *"Respecto de necesaria autorización de AESA, acompañan autorización por parte de este organismo en data 07.04.2020 para a construción dun almacén agrogandeiro e garaxe de maquinaria agrícola, e de grúa móbil.*

Estas autorizacións constan no expediente número 2010/2019, incoado polo mesmo interesado en data 18 de novembro de 2019, para "Construción de almacén agrogandeiro e garaxe" no lugar de Andamollo, parroquia de Manduase, e tras requirimento en data 26/04/2021 (RS nº 2021-S-RC436), e non emenda e continuidade na tramitación en presentación de documentación requirida, entendeuse por desistida esta solicitude, e arquivouse o expediente, por acordo da Alcaldía de data 29.10.2021. A normativa de aplicación, e as dimensións e aproveitamento desta construción non mudaron, polo que resultan válidas as autorizacións sectoriais outorgadas incluídas neste expediente administrativo municipal".

Igual que tamén fai mención á autorización da Consellería de Medio Rural.

SÉTIMO.- CARÁCTER REGRADO E CLÁUSULA AGÁS O DEREITO DE PROPIEDAD E SEN PREXUÍZO DE TERCEIROS.

A licenza urbanística é un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de carácter regrado, por virtude do que se leva a cabo un control previo da actividade proxectada polo administrado, verificando se se axusta ou non á ordenación urbanística, tendo pois a licenza unha natureza estritamente regrada, polo que se outorgará ou denegará, preceptivamente, segundo que a actuación pretendida se axuste ou non a tal ordenación, sen que o órgano competente para isto poida tomar a súa decisión en base a consideracións doutro tipo (STS 02.04.98 e 16.03.98, entre outras e arts. 350.1 RLSG e 143.1 LSG). Debido a este carácter regrado, as licenzas urbanísticas deben outorgarse ou denegarse segundo que a actuación pretendida se adapte ou non á ordenación aplicable.

De conformidade co art. 350.3 do RLSG, as licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. No outorgamento da licenza examínase a legalidade urbanística, o que impide que sexan cuestionadas e decididas cuestións sobre a titularidade dominical dos terreos. A través da licenza urbanística a Administración municipal actúa un control de legalidade, pero non de legalidade en xeral, senón da legalidade urbanística. De aquí deriva que non corresponde á Administración controlar, a través da licenza, a titularidade dominical dun terreo sobre o que se pretende construír, xa que o control que implica a licenza refírese aos aspectos urbanísticos da actuación proxectada e non a cuestións de propiedade, agás que a licenza solicitada afecte ao dominio público, ou incluso a bens patrimoniais de titularidade municipal (SSTS 25.07.89, 03.07.91, art. 11.3 RDUG actualmente derogado).

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a **LEGALIZACIÓN DUN ALMACÉN AGRO GANDEIRO E GARAXE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA EXISTENTE**, sito no Andamollo s/n, parroquia de Manduas, concello de Silleda, (Referencia catastral 36052C506004890000TQ), de acordo ao Proxecto e documentación complementaria en anexo presentada, asinado polo enxeñeiro agrónomo D. David Cerdeira Canicoba (Enxeñeiro agrónomo colexiado COIAG G862); sempre que se observen as seguintes condicións:

1. Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística municipal outorgado (Art. 39.e) LSG). Deberá acompañarse esta anotación a realizar sobre a Finca número 24.695 do concello de Silleda, inscrita no Tomo 1.010, Libro 277, Folio 153. CRU 36005000358293.

2. Respecto da división realizada para albergue futuro, con carácter temporal, de dous cabalos, resultará necesaria a presentación e achega de declaración responsable ante a autoridade competente en materia de medio rural, nos termos esixidos do art. 5 do *Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galicia*, axustándose as determinacións esixidas de aplicación.

SEGUNDO.- O interesado, **Pablo Datorre Otero**, con DNIxxxxxx, terá que aboar as taxas e xuros necesarios para devandita legalización.

TERCERO. Notifíquese o presente acto que pon fin á vía administrativa aos interesados, con indicación do réxime de recursos.

Expediente 2142/2021. Contratacións. PRÓRROGA CONTRATO ADMINISTRATIVO para o SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data 26 de outubro de 2022, formalizouse o contrato administrativo de servizos de PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira, con "CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU (COESCO)" con CIF núm. B36043073, por un prezo de 48.490,00 € euros e unha duración de UN ANO, prorrogable ano a ano, ata un máximo de catro anos.

A prestación contractual consistía na realización do servizo de PROGRAMA LÚDICO- EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda, cuxa codificación é CPV.-80000000-4 –Servizos de ensinanza e formación e CPA.- 80.10.1 –Servizos de ensinanza infantil e primaria

Visto o informe asinado o 20 de xuño de 2023, por Sara Blanco Gil, Educadora social do Concello de Silleda, e técnica responsable da xestión do Programa de conciliación municipal 'Servizo Lúdico – Educativo do Concello de Silleda'.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral, asinado o 23 de xuño de 2023.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención municipal, asinado o 18 de agosto de 2023.

Considerando o disposto nos artigos 17 e 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-.

Considerando o disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución de 27 de xuño de 2023, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira con “CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU (COESCO)” con CIF núm. B36043073, de acordo co disposto na cláusula sétima do Prego de prescricións administrativas que rexen no contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 28/07/2022 e sendo a data de inicio do servizo prorrogado por primeira vez o día 26 de outubro de 2023.

SEGUNDO.- Aprobar e dispor o gasto correspondente por un prezo de 48.490,00 € anuais.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

CUARTO.- Notificar a presente resolución á empresa contratista, responsable do contrato e unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.

Expediente 1937/2020. APROBACIÓN DAS BASES DE FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA (Expte. 482/2023)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que por acordo do Pleno da Corporación de data 30 de marzo de 2023, acordouse aprobar inicialmente o “REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA”

Visto que ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público (BOP n.º 71 do 13.034.2023, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio do regulamento de réxime interior do Viveiro de Empresas do Concello de Silleda, cuxo texto íntegro faise público mediante anuncio publicado no BOP n.º 112 do 12 de xuño de 2023, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución de 27 de xuño de 2023, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- APROBACION DAS BASES QUE DESENVOLVERÁN O REGULAMENTO DE REXIME INTERIOR APROBADO PARA O FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA, cuxo texto íntegro é o seguinte:

BASES PARA O FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO SILLEDA

1.- CONCEPTO E CARACTERÍSTICAS

1a) Obxecto

A creación dun Viveiro de Empresas no Parque Empresarial Área 33 de Silleda constitúe o intento do Concello de Silleda na procura por ofrecer á nosa cidadanía todas as facilidades para fomentar a posta en marcha de novos proxectos de emprendemento, mediante a posta a disposición da veciñanza de instalacións e servizos onde se cree un contexto que favoreza as posibilidades de éxito nestes momentos difíciles para botar a andar os negocios.

Nun entorno económico como o actual, a iniciativa privada non contempla a creación de edificios deste tipo, con centros de traballo e servizos compartidos, senón que mantén o modelo tradicional de empresas en locais independentes. E por iso que é importante este impulso público para promover este novo modelo de traballo.

Un modelo de traballo cooperativo, non so é un medio de minimizar costes no momento da posta en marcha das empresas (cando mais o necesitan) senón tamén coma modelo de traballo colaborativo. O concello de Silleda coa actuación proposta non so busca potenciar o seu parque empresarial, senón tamén atraer mais poboación ao municipio.

1b) Localización e estrutura

O Parque Empresarial Área 33 de Silleda, inaugurado no ano 1996 atópase localizado ao Este do núcleo urbano de Silleda. Encontrase ao norte e sur da nacional N-525.

O viveiro de empresas está situado na parcela de equipamento do polígono, ao carón da nave de xestión de residuos.

O edificio estruturase en planta baixa cunha distribución en L adxacente á nave xa existente na parcela. O aparcamento de vehículos de 4 prazas sitúase diante desta nave.

A planta baixa distribúese coa cafetería no extremo noroeste, vinculada ao acceso principal. O edificio distribúese lonxitudinalmente cos baños accesibles, cos despachos para as empresas e o salón de actos, no final noutra dirección sendo a estancia contigua á nave da parcela.

O espazo, cunha superficie total de 385,73 m2 quedará distribuído do seguinte xeito:

Nº	Nivel	Ambiente	Sup	Sup Vidr	CIV	Vol
			(*)	(*)		(*)
1	Planta baixa	Cafetería	62,40	24,04	0,385	199,69
2	Planta baixa	Instalacións	4,32	0,00	0,000	13,82
3	Planta baixa	Baño 1	6,00	0,40	0,067	19,20
4	Planta baixa	Administración	17,04	9,02	0,529	54,53
5	Planta baixa	Despacho 1	21,31	8,59	0,403	68,18
6	Planta baixa	Salón de Actos	62,82	0,00	0,000	201,02
7	Planta baixa	Baño 2	6,00	0,40	0,067	19,20
8	Planta baixa	Despacho 2	21,29	8,59	0,404	68,12
9	Planta baixa	Despacho 4	29,07	3,75	0,129	93,01
10	Planta baixa	Despacho 3	21,29	8,59	0,404	68,12

11	Planta baja	Distribuidor	59,43	36,55	0,615	190,18
12	Planta baja	Cociña	6,32	5,29	0,837	20,23
13	Planta baja	Despacho 5	13,76	9,68	0,703	44,04
14	Planta baja	Almacén	4,32	0,00	0,000	13,82

1.c) Réxime de ocupación

Como centro de acollida temporal, cederanse despachos durante períodos determinados e definidos claramente.

1.d) Normativa

O Viveiro de Empresas, ademais de rexerse polos preceptos legais vixentes que lle concirnen, estará soportado polas seguintes normativas:

- 1) Bases de funcionamento do Viveiro de Empresas.
- 2) Regulamento de réxime interior do Viveiro de Empresas.
- 3) Contrato de cesión de locais do Viveiro de Empresas.
- 4) Contrato de prestación de servizos e uso das instalacións comúns do Viveiro de Empresas.
- 5) Convenio de colaboración, cando proceda, entre o Concello de Silleda e as asociacións de empresarios do polígono así como a Asociación de comerciantes de Silleda.

II. OBXECTIVOS

O Concello de Silleda ten entre as súas competencias xerais o desenvolvemento de políticas municipais en materia de promoción económica para favorecer a xeración de oportunidades profesionais e empresariais e a creación de postos de traballo dentro do termo municipal.

O obxectivo xeral e de partida deste proxecto é convertelo nun centro de apoio ao nacemento e á consolidación de empresas, así como nun espazo de mellora da competitividade e a innovación nas micro-pemes e pemes.

Os **obxectivos xerais** do Viveiro son:

- Contribuír ao nacemento, arranque e consolidación de novas empresas.
- Favorecer a xeración de postos de traballo.
- Promover a diversificación da estrutura produtiva local, favorecendo a instalación de empresas de carácter innovador.
- Crear un medio idóneo en condicións de prezos e servizos que permita ás iniciativas empresariais desenvolver o seu Plan de Empresa para que, cun tempo de estancia limitado, estean en situación de competir e actuar en condicións do mercado.
- Ser un instrumento de apoio eficaz para aquelas iniciativas empresariais que, polas características da súa actividade, non precisan dun gran espazo físico de localización, pero si da infraestrutura, a loxística e os servizos que oferta o Viveiro de Empresas.
- Contribuír ao desenvolvemento e á dinamización do Concello Silleda.

III. SERVIZOS DO VIVIEIRO DE EMPRESAS

O Viveiro de Empresas ofrece os seguintes servizos:

1.- Cinco despachos cunha superficie aproximada entre 13 e 29 metros cadrados, equipados con mobiliario (mesa, cadeiras, e demais mobiliario de oficina) e dotación de infraestrutura de iluminación, electricidade, calefacción, equipos informáticos.

2.- Áreas e servizos comúns sen custe adicional.

- Salón de Actos, equipado con: mesas, cadeiras e retroproyector e/ou pantalla. Iluminación e calefacción.

- Limpeza e mantemento.

IV) BENEFICIARIOS/AS E REQUISITOS

Poderán optar aos servizos do Viveiro de Empresas:

1. As empresas de nova creación, entendéndose por tales aquelas:

- Empresas en proxecto: Que se constituán legalmente no prazo máximo de tres meses dende a súa instalación no Viveiro. Neste caso o contrato terá unha duración máxima de tres meses, podendo prorrogarse este prazo en caso de que se proceda á constitución legal da empresa e o proxecto empresarial se considere viable (pola vía ordinaria).
- Empresas novas: Que comecen a súa actividade económica coa instalación no Viveiro de Empresas.
- Empresas recentes: Aquelas cuxo inicio da actividade teña tido lugar como máximo, nos dous anos anteriores á data de solicitude de admisión no Viveiro.

A efectos de determinación do inicio da actividade considerarase a data de alta na Declaración Censal.

2. Empresas xa constituídas con unha antigüidade máxima de dous anos, filiais, delegacións ou sucursais da empresa matriz.

3. As Fundacións, Asociacións, Federacións, Clústeres ou calquera outra entidade de base asociativa de carácter empresarial.

A efectos de aplicación das tarifas por servizos só terán a consideración de viveiristas aquelas que cumpran os requisitos necesarios para ser consideradas como empresas de nova creación.

Requisitos mínimos para o caso de empresas:

1. Ser empresas xa constituídas ou de nova creación, nos termos anteriormente apuntados.
2. Ter o domicilio da actividade no municipio de Silleda. Non obstante, permitirase a localización física de empresas que non teñan o domicilio social e/ou da actividade en Silleda, sempre que existan espazos dispoñibles e condicionado ao carácter preferente que ostentarán aquelas empresas que si o teñan.
3. Non desenvolver actividades nocivas, insalubres ou perigosas.
4. Adicarse a tarefas de servizos de calquera actividade empresarial.
5. Para o caso de empresas de nova creación, presentar un proxecto que avale a súa viabilidade económica.

V.- ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA

A) ORGANIZACIÓN

O Viveiro de Empresas non dispón de personalidade xurídica propia, forma parte dos servizos do Concello de Silleda, polo que lle é de aplicación a normativa que rexe para dita Administración, sendo o propio Concello o titular a todos os efectos.

B) ENTIDADES COLABORADORAS

Dadas as características do Viveiro de Empresas, e aínda cando a titularidade última do mesmo corresponde ao Concello de Silleda, no funcionamento do mesmo poderán colaborar aquelas institucións ou entidades (locais, provinciais, rexionais ou estatais) que contribúan á súa financiación e mantemento.

C) SEGUIMIENTO DO VIVEIRO

O Concello de Silleda ostenta e desenvolve, a dirección da actividade do Viveiro de Empresas, para o que poderá adoptar cantas decisións sexan necesarias, incluíndo a posibilidade de concertar mediante convenios e contratos aquelas partes do seu funcionamento que considere que poden mellorar a eficacia e a eficiencia no seu funcionamento.

Constituirase unha Comisión de Seguimento formada polos seguintes membros:

- O/a Alcalde/sa ou persoa en quen delegue
- O/a Concelleiro/a de Industria do Concello de Silleda
- 2 membros do persoal funcionario do Concello de Silleda que se nomearán ao efecto, actuando unha delas como secretaria

As súas funcións principais serán:

- Ditar as instrucións que estime procedentes para o bo uso das instalacións e servizos.
- Adaptar e actualizar a normativa do Viveiro no transcurso do tempo.
- Velar pola publicidade e o cumprimento das normas de funcionamento.
- Aprobar ás persoas beneficiarias do Viveiro, en cumprimento da normativa establecida, respectando os principios de igualdade e publicidade.
- Contratar os servizos e subministrados comúns.
- Resolver calquera eventualidade que se produza no Viveiro.
- Poder establecer unha Comisión Técnica con carácter asesor.

Reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano e con carácter extraordinario cando sexa necesario.

E) HORARIO DO VIVEIRO:

O horario do funcionamento do Viveiro é o seguinte: **luns a venres e os sábados pola mañá**. De luns a venres, agás festivos, de 8:00 a 20:00 horas continuo

Sábados, agás festivos: de 9:00 a 14:00 horas

HORARIO DE OFICINA

O estipulado polo Concello de Silleda

VI) PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS:

Criterios para a selección de proxectos, máximo 75 puntos

Para a selección dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios:

Criterio 1: Proxectos empresariais sen alta ou constitución formal promovidos por persoas ou grupos de persoas non constituídas como empresas, pero que no prazo de 3 meses dende a notificación da resolución sobre a autorización de uso de oficinas, presenten xustificación de comezo da actividade. (20 puntos).

Criterio 2: Fomento do autoemprego en colectivos (ata 20 puntos)

Se o promotor pertence a algún dos colectivos que se sinalan a continuación outorgaranse os seguintes puntos:

Mozos/as menores de 30 anos: 5 puntos.

Mulleres: 5 puntos.

Maiores de 45 anos: 5 puntos.

Persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%: 10 puntos.

Criterio 3: Tipoloxía e motivación da actividade a desenvolver (ata 15 puntos)

Empresas ou proxectos empresariais pertencentes a sectores relacionados cos novos xacementos de emprego.

Este criterio acreditarase coa presentación da escritura de constitución e documentos dos rexistros de inscrición

obligatoria.

Criterio 4: Maior tempo en situación de desemprego do/s emprendedor/es na actualidade.

Outorgarase dende 1 punto si o tempo de desemprego é inferior a 3 meses e 4 puntos cando o tempo sexa superior a 12 meses, esta puntuación irase incrementando en función do número de socios promotores ata un máximo de 3 socios e de 10 puntos.

1 persoa 2 persoas 3 persoas

Menos de 3 meses 1 Punto 2 Puntos 3 Puntos

de 3 a 6 meses 2 Puntos 4 Puntos 5 Puntos

de 6 a 12 meses 3 Puntos 6 Puntos 8 Puntos

Máis de 12 meses 4 Puntos 8 Puntos 10 Puntos

Criterio 5: Que o domicilio fiscal da empresa sexa en Silleda (10 puntos).

Outorgarase 10 puntos a aquelas empresas, empresarios, profesionais e autónomos que acrediten ter o seu domicilio fiscal en Silleda

En caso de empate, atenderase á orde de entrada, no Rexistro, da solicitude de espazos no Viveiro

Proceso:

O proceso de convocatoria é un proceso continuo e aberto a través da convocatoria pública, unha vez aprobadas as presentes bases, publicaranse nas páxinas web do Concello: <https://silleda.es>, no taboleiro de anuncios do Concello.

Establecerase un **proceso excepcional de selección no momento de apertura do Viveiro de Empresas**, dado que, neste primeiro momento enténdese que todos os espazos están dispoñibles polo que os/as interesados/as deben:

1) Presentar na Sede Electrónica do Concello de Silleda a **SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS** xunto coa seguinte documentación:

a. Memoria do proxecto. A tal efecto o Concello de Silleda proporcionará aos/as interesados/as un modelo de Memoria orientativo, non obstante o cal, os aspirantes poderán engadir ou xuntar calquera documento, plano, bosquejo etc, que permita unha mellor valoración.

b. Documentación persoal, tanto do/a solicitante como dos eventuais socios/as, partícipes e/ou integrantes do proxecto, composta por:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da escritura pública de constitución,
- Modelo 036/037 (declaración censal)
- Vida laboral.
- Certificado de estar ao corrente dos pagos coa Comunidade Autónoma de Galicia, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social e o Concello de Silleda.
- Declaración data prevista de inicio da actividade.

Non obstante, o Concello de Silleda, poderá solicitar outra documentación que considere de interese para a mellor avaliación dos proxectos empresariais que se presenten.

2) Unha vez haxa un número de solicitudes suficiente para poder valorar os proxectos en función dos criterios fixados nestas bases, o Concello de Silleda, fixará unha data de reunión para a valoración e selección dos proxectos da cal sairá a asignación dos diferentes espazos.

3) O/a promotor/a do proxecto que teña sido seleccionado, deberá confirmar o seu interese polo espazo asignado, e asinar o contrato de cesión co Concello de Silleda nun prazo non superior a 10 días hábiles dende a comunicación do Concello de Silleda no caso de non ser así, ofrecerase o seu espazo ao seguinte proxecto que resultase seleccionado.

VI.1) SUPOSTOS DE LOCALIZACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS DE RECENTE OU NOVA CREACIÓN

A selección de proxectos para a utilización do Viveiro realizarase segundo se expón a continuación.

- Os/as interesados/as deberán presentar na Sede Electrónica do Concello de Silleda a SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS
- A solicitude de espazo no Viveiro de Empresas poderá ser subscrita por UN OU VARIOS/AS SOLICITANTES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS, sendo este/estes quen/quens asuman fronte ao Concello de Silleda o réxime de dereitos e obrigas derivados do contrato de cesión. Non obstante o/os solicitante/es poderán incluír nos seus proxectos a outros socios, participantes e/ou integrantes do proxecto, todos os cales deberán estar identificados cos seus datos persoais e, no caso de resultar seleccionados, deberán firmar o contrato de cesión co solicitante en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.
- No prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á data de rexistro de entrada, o Concello informará ao solicitante da dispoñibilidade ou non de espazos libres.
- No caso de existir espazos libres, emprazarase ao solicitante para que no prazo máximo de 5 días hábiles, presente na Sede Electrónica do Concello, a seguinte documentación:

a. Memoria do proxecto. A tal efecto o Concello de Silleda proporcionará aos interesados un modelo de Memoria orientativo, os aspirantes, de precisalo, poderán engadir ou xuntar calquera documento, plano, bosquejo etc, que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

b. Documentación persoal, tanto do/a solicitante como dos eventuais socios/as, partícipes e/ou integrantes do proxecto, composta por:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da escritura pública de constitución,
- Modelo 036/037.(declaración censal)
- Vida laboral.
- Certificado de estar ao corrente dos pagos coa Comunidade Autónoma de Galicia, Axencia Tributaria, a Seguridade Social e o Concello de Silleda.
- Declaración data prevista de inicio da actividade.

Non obstante, o Concello de Silleda poderá solicitar outra documentación que considere de interese para a mellor avaliación dos proxectos empresariais que se presenten.

Unha vez entregada a documentación e, no caso de que se considere necesario, o un membro da Comisión de Seguimento, manterá unha entrevista persoal cos solicitantes para dispoñer de todos os datos que necesiten para tomar en base a eles unha decisión.

A Comisión de Seguimento valorará os proxectos e deberá ditaminar as solicitudes presentadas nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a presentación da documentación solicitada e presentada no Rexistro de Entrada do Concello de Silleda, en base aos criterios de selección establecidos anteriormente.

Analizados os proxectos presentados, A Comisión de Seguimento tomará a decisión final.

O/a promotor/a do proxecto que teña sido seleccionado/a, deberá confirmar o seu interese polo espazo asignado, e asinará o contrato de cesión co Concello de Silleda nun prazo non superior a 15 días hábiles dende a comunicación. En caso de non ser así, ofrecerase o seu espazo ao seguinte proxecto que resultase seleccionado.

No caso de que non existisen espazos libres no momento da solicitude, informarase aos solicitantes sobre o prazo aproximado no que poden dispoñer destes e ofreceráselles a posibilidade de formar parte dunha lista de agarda.

A lista de agarda non establecerá ningún tipo de orde preferente ante as asignacións dos espazos que puidesen quedar dispoñibles, sendo a Comisión de Seguimento a encargada de decidir de entre os proxectos e/ou solicitudes que compoñen a lista de agarda os que participarán no proceso de valoración e asignación de ditos espazos.

A lista de agarda manterase permanentemente actualizada por parte do Concello de Silleda.

VI 2) SUPOSTO DE LOCALIZACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS EN PROXECTO:

As persoas interesadas deberán presentar na Sede Electrónica do Concello da Silleda a **SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS**, nun impreso normalizado.

Deberán acompañar a solicitude unha Memoria inicial de actividade.

Presentada a documentación e, sempre e cando existan espazos libres, a ubicación farase de forma inmediata, dispoñendo o emprendedor dun período máximo 1 mes no que poderá beneficiarse da infraestrutura, loxística e servizos do Viveiro.

Pasado este tempo, se finalmente decide constituír legalmente a súa empresa e iniciar a súa actividade empresarial poderá continuar a súa estancia no viveiro, sempre e cando o seu proxecto teña sido revisado e informado favorablemente pola Comisión de Seguimento segundo o procedemento fixado no punto VI1.

VI 3) SUPOSTOS DE UBICACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS CON PERÍODO DE CONSTITUCIÓN NON SUPERIOR AOS DOUS ANOS, FILIALES, DELEGACIÓNS OU SUCURSAIS DE EMPRESAS, FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS, CLUSTERS OU CALQUERAOUTRA ENTIDADE DE BASE ASOCIATIVA DE CARACTER EMPRESARIAL.

As persoas interesadas deberán presentar na Sede electrónica do Concello de Silleda a **SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS**

No prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte a data de rexistro de entrada, o responsable do Viveiro informará ao solicitante da dispoñibilidade ou non de módulos libres, tendo sempre carácter preferente, aqueles proxectos empresariais que proveñan de empresas de nova creación nos termos sinalados no punto VI 1.

No caso de existir espazos libres, emprazarase ao/a solicitante para que no prazo máximo de 5 días hábiles, presente Sede Electrónica do Concello de Silleda, a seguinte documentación:

- Memoria do proxecto. A tal efecto o Concello de Silleda proporcionará aos interesados un modelo de Memoria orientativo, non obstante o cal, os aspirantes poderán engadir ou xuntar calquera documento, plano, bosquexo etc., que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.
- Documentación persoal, tanto do solicitante como dos eventuais socios, partícipes e/ou integrantes do proxecto, composta por:
 - Fotocopia do DNI.
 - Fotocopia da escritura pública de constitución,
 - Modelo 036/037.
 - Vida laboral.
 - Certificado de estar ao corrente dos pagos coa Comunidade Autónoma de Galicia, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social e o Concello de Silleda.
 - Declaración data prevista de inicio da actividade.
 - Comprobada a documentación, e sendo correcta, o solicitante, deberá confirmar o seu interese polo espazo asignado, e asinará o contrato de cesión co Concello da Silleda nun prazo non superior a 15 días hábiles dende a comunicación polo Concello de Silleda. No caso de non ser así, entenderase que renuncia á solicitude.
- No caso de que non existisen espazos libres no momento da solicitude, o Concello informará aos solicitantes sobre o prazo aproximado no que poden quedar espazos libres e ofertaráselle a posibilidade de formar parte dunha lista de agarda, seguindo o procedemento indicando anteriormente.

D. Duración

Para o caso de empresas de recente creación ou xa constituídas, filiais, delegacións, sucursais, fundacións, asociacións, federacións, clústeres ou calquera outra entidade de base asociativa de carácter empresarial, a duración do contrato, establececese por un prazo de DOUS ANOS a contar dende o día da súa firma, prorrogables por vontade das partes previa

solicitude cun mes de antelación á finalización do contrato por un período máximo de 12 meses.

Para o caso de empresas en proxecto, a duración do contrato de prestación de servizos e uso das instalacións comúns do Viveiro de Empresas, establecece por un período de 1 mes a contar dende o día da súa sinatura. Acreditada a constitución da empresa e a viabilidade do proxecto, poderá asinarse o contrato pola vía ordinaria (prazo inicial de dous anos, máis 12 meses de prórroga), previo acordo da Comisión de Seguimento.

En todo caso, dita prórroga estará supeditada ao nivel de ocupación do Viveiro e á existencia de espazos libres.

E. Pago prezo público

O prezo público por ocupación das oficinas fíxase no Acordo Regulador do Prezo Público do Viveiro de Empresas.

As cotas liquidaranse mensualmente. O pago farase efectivo dentro dos primeiros cinco días de cada mes.

Como garantía aboarase o importe de dúas mensualidades.

SEGUNDO.- DAR PUBLICIDADE AS MESMAS CO FIN DE FACILITAR O SEU COÑECEMENTO ENTRE OS POSIBLES USUARIOS E USUARIAS DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE